

O homínido que se extinguiu por ser só vexetariano

Escrito por Daniel Mediavilla | Materia
Sábado, 25 Agosto 2012 13:44



Un novo estudo analiza as diferenzas nas dietas dos primeiros humanos e doutros primates de fai un millón de anos

Fai un millón de anos, moito antes do surgimento de *Homo sapiens*, que acabaría colonizando o mundo, varias especies de homínidos compartían África. Cada unha delas tiña unhas características que determinarían o seu éxito ou o seu fracaso, e entre esas características son moi relevantes os hábitos alimenticios. Agora, un grupo de investigadores de Francia e Sudáfrica utilizaron o esmalte dos dentes de tres especies daqueles homínidos, [*Paranthropus*](#),

[*Homo*](#)

e

[*Australopithecus*](#)

, para coñecer a súa dieta.

Deste tres tipos de primate, habitualmente atribúese aos devanceiros máis próximos aos humanos actuais, os *Homo*, unha dieta variada e aos *Paranthropus* como exclusivamente vegetarianos. Esta especialización considérase unha das causas que contribuíron á extinción desta última especie ao limitar a súa capacidade de adaptación aos cambios ambientais que se produciron fai un millón de anos.

Homo e *Paranthropus* conviviron no mesmo espazo porque a súa alimentación era diferente

Con todo, os datos obtidos polos investigadores a partir de dentes atopados en Sudáfrica

O homínido que se extinguiu por ser só vexetariano

Escrito por Daniel Mediavilla | Materia
Sábado, 25 Agosto 2012 13:44

confirman que os *Paranthropus* comían só plantas, pero parecen indicar que tamén os *Homo* tiñan unha dieta pouco variada, aínda que no seu caso era carnívora, e polo visto nos milenios posteriores esta especialización non lle deu malos resultados. Por último, os investigadores observaron que os *Australopithecus* tiñan unha dieta mixta de carne e vexetais.

O estroncio di que comeron

Sobre o éxito do carnívoro *Homo* e o fracaso do vexetariano *Paranthropus*, Vincent Balter, investigador da Escola Normal Superior de Lyon e autor do estudo, explica que “a primeira vantaxe para comer carne é que para o desenvolvemento do cerebro, que é o selo distintivo da evolución dos *Homo*, requírese comida de gran calidade”. No entanto, Balter cre que os nosos devanceiros primeiro tiveron unha dieta máis especializada que se foi facendo variada co tempo. “O panorama é probablemente diferente fai 1,5 millóns de anos e fai un millón de anos. Os *Homo* especializaríanse en principio en comer carne, pero é probable que despois tamén comesen plantas”, engade.

«Para o desenvolvemento do cerebro, o selo distintivo dos *Homo*, requírese comida de gran calidade e iso dá a carne» □ VINCENT BALTER □ Investigador Escola Normal Superior de Lyon

Para chegar a estas conclusións, os autores do estudo mediron a presenza de estroncio no esmalte dos dentes. Unha maior cantidade deste elemento indica unha dieta vegetariana e a súa ausencia apunta que o individuo ao que pertencía a peza dental era carnívoro.

Ademais de coñecer como eran as diferentes dietas dos homínidos, os científicos querían comprobar se, como manteñen algunhas hipóteses, unha dieta máis estreita implica tamén un hábitat máis limitado. Neste caso, o artigo indica que non é así para os *Homo* e os *Paranthropus*, que a pesar de comer só carne ou só vexetais, movíanse por áreas tan amplas como os *Australopithecus* coa súa diversificada alimentación. Para Balter, a clave é que *Homo* e *Paranthropus* “viviron xuntos no mesmo lugar e no mesmo momento porque o seu nicho era diferente. Ao non depender da mesma comida, non había competencia entre eles”, di.

- Referencia DOI:10.1038/nature11349
- Fonte [Materia](#)